

CAMPAMENTOS MULTIDEPORTIVOS UNIVERSIDADE DA CORUÑA

CAMPUS DE FERROL 2019

ACTIVIDADES MULTIDEPORTIVAS

Realizaranse xogos deportivos e predeportivos e actividades grupais. O obxectivo é coñecer e familiarizarse coas regras e fundamentos básicos de diferentes modalidades deportivas fomentando a interrelación de respecto e igualdade entre nenos e nenas.

Iniciación a xogos deportivos como baloncesto, fútbol, balonmán, baile, tenis atletismo, tiro con arco...

ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE, OCIO E LECER

A actividade de tempo libre, ocio e lecer, é unha das actividades centrais do campamento, porque o obxectivo central é o gozo e o respecto dos rapaces dentro do ámbito da natureza. Esta actividade pretende aproveitar o tempo de lecer dunha maneira formadora.

ACTIVIDADES DE MEDIO AMBIENTE

Realizaranse obradoiros relacionados con actividades de medio ambiente e con material de refugallo. Ensinaráselles aos rapaces a concienciarse coa reciclaxe e, como tema transversal, as alternativas de uso do papel reciclado que lles mostraremos facendo papel, marcos para fotos, obxectos decorativos etc.

XOGOS TRADICIONAIS GALEGOS

Darémolles a coñecer os xogos tradicionais galegos, preferentemente os propios da provincia da Coruña, aproveitando para poñer en valor a cultura tradicional máis próxima.

TÉCNICAS DE ORIENTACIÓN

Iniciación ás técnicas básicas de orientación segundo a posición do sol, as estrelas, o reloxo, a vexetación, así como o emprego de compás. Iniciación á espacialidade, xogos de orientación, introdución á cartografía, carreiras de orientación, xogos de rastrexo...

XINCANAS

Organízanse actividades recreativas en grupo e, a través destes, realizaranse probas en colaboración cos demais rapaces e rapazas do grupo, xa que está é unha maneira de realizar xogos cooperativos de forma lúdica.

EXCURSIÓN Á PRAIA DE CABANAS (PONTEDEUME) Unha vez por semana realizarase unha excursión lúdica á praia de Cabanas no concello limítrofe de Pontedeume. Trátase dun areal perfecto para pasar o día cos rapaces, no seu entorno conta con todos os beneficios que este tipo de actividade busca, un mar en calma que se trata dunha praia de ría, zona de picnic á sombra para comer a merenda ou refuxiarse en caso de facer demasiado calor, ademáis de que ten moi fácil acceso para o autocar.

É sen dúbida un día sinalado no cronograma para os participantes, porque non se trata únicamente de pasar o día na praia senón que aproveitaremos a visita para realizar diversas actividades que noutro entorno non poderíamos facer. Por exemplo, un concurso de “Artearea”, onde serán premiadas as creacións máis orixinais e bonitas feitas só de area e auga. Tamén realizarán unha olimpiada estival, onde os xogos típicos desta estación toman protagonismo, como o Ultimate, Kimball, guerra de auga, Indiaca e todos aqueles xogos cos que disfrutar da area.

XOGO DE CIDADE

O Campus de Esteiro atópase nun enclave perfecto para a realización deste tipo de actividades, sito no centro da cidade de Ferrol, é o punto de partida ideal á hora de desenvolver un xogo de pista e rastrexo usando os edificios e monumentos máis importantes de Ferrol como referencia. Os participantes, sempre acompañados polo monitorado, terán que realizar con éxito unha ximkana fotográfica con preguntas e anécdotas sobre a historia, cultura e arquitectura da cidade, deste xeito, fomentamos a súa curiosidade dunha maneira lúdica e dinámica.

EXCURSIÓNS

En función dos participantes, habería dúas interesantes opción:

- Museo Naval, historia viva da cidade que vive por e para o mar, ademais de atoparse a tiro de pedra do proio campus.
- Museo de Historia natural, algo máis lonxe pero pódese aproveitar o percorrido para facer un xogo de cidade, de tal maneira que incentivamos a curiosidade dos participantes pola cultura e historia da propia cidade.

Instalacións que se utilizarán:

- Centro Cultural Universitario:
 - o Sala Multiusos 1 (cun pavimento linóleo e material didáctico-deportivo)
 - o Sala Multiusos 2 (dotada con medios audiovisuais)
- Xardíns e contorna do Campus Universitario de Esteiro
- Praia da Magdalena e Pinar de Cabanas